

O Decreto do Plurilingüismo discrimina a lingua galega no ensino

O novo decreto marca unha asignación horaria inferior para o galego e desprotéxelo especialmente na etapa de infantil.

O proxecto da Consellería de Educación dificultará a adquisición da competencia lingüística en galego por parte do alumnado

Trala aprobación do Decreto do Plurilingüismo por parte do Consello da Xunta de Galicia, a Coordinadora Galega de ENDL entende que este novo regulamento acentúa o desequilibrio entre as linguas oficiais, propiciará a inmersión en castelán en infantil e non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega ao rematar o ensino obrigatorio, tal e como procura a lexislación educativa en materia lingüística.

Non é certo que exista equilibrio entre galego e castelán, idea coa que o goberno pretende vender o novo texto lexislativo. O galego, lingua propia de Galicia e necesitada de protección, queda nunha situación moi inferior ao castelán no ensino. As razóns son varias, destacando tres principais:

- en realidade hai máis materias marcadas como obrigatorias en castelán ca en galego. Por exemplo, en 3º da ESO falamos de 8 horas semanais de materias que se deben impartir obrigatoriamente en castelán: Matemáticas (4h), Física e Química (2h) e Tecnoloxías (2h); fronte ás 5 horas en galego: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia (3h) e Bioloxía e Xeoloxía (2h). No resto das materias, é imposible chegar ao 50% do ensino en lingua galega porque non existen materiais de todo tipo editados nesta lingua para poder traballar nas aulas, escenario que se reproduce en todas as etapas educativas.
- a consulta ás familias, que agora se publicita como “pregunta vinculante”, en Infantil propiciará a inmersión en castelán pois, como sinalan os últimos estudos, o galego xa non é a lingua maioritaria nas franxas de idade máis novas. O novo decreto non contempla ningún tipo de medidas tendentes a sentar as bases da adquisición da lingua non predominante na aula.
- como persoal docente que somos os membros dos equipos de normalización e dinamización lingüística, e polo tanto coñecedores da realidade sociolingüística dos centros de ensino, consideramos un síntoma moi significativo do afastado que está a Consellería de Educación desa realidade o feito de que se pretenda mudar o noso nome por Equipos de dinamización, como se xa non fose preciso "normalizar" unha lingua coma o galego nos centros escolares, lingua que 27 anos despois de aprobada a Lei de Normalización Lingüística está moi lonxe de acadar unha situación normal na nosa sociedade.

Desde a coordinadora de ENDL pretendemos que o alumnado, o profesorado, as nais e os pais e o resto da sociedade teña competencia tamén en lingua galega, por iso somos conscientes da necesidade de apoio que precisa o galego en todos os ámbitos en xeral e, moi especialmente, no ensino.